

ORDE do de de 2025 pola que se convoca un concurso público de méritos para cubrir unha praza de profesor/a de lingua e literatura galegas no colexio Vicente Cañada Blanch de Londres (Reino Unido).

TEXTO:

A Constitución española establece que as comunidades autónomas poden asumir competencias no ensino da lingua de cada comunidade (artigo 148.17). A Comunidade Autónoma de Galicia fixo efectiva esta asunción e así, no seu Estatuto de autonomía (artigo 27.20), recoñece como competencia exclusiva a promoción e o ensino da lingua galega, competencia que exerce non só dentro do territorio galego, senón tamén con respecto aos cidadáns de Galicia que viven fóra da comunidade (artigo 21.1 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística).

Para lle dar cumprimento a esta finalidade, o 7 de outubro de 1999, asinouse un convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Cultura e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a introdución dos estudos de lingua galega nos centros españois no estranxeiro.

Cómpre, polo tanto, promover o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos centros españois que, coma o colexio Vicente Cañada Blanch de Londres, contan entre o seu alumnado con estudantes de orixe galego.

Na súa virtude, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

ACORDA:

Artigo 1. Convocatoria

Convócase un concurso público de méritos para cubrir, en comisión de servizos, unha praza de profesor/a de lingua e literatura galega no colexio Vicente Cañada Blanch de Londres (Reino Unido).

A selección realizarase de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

Artigo 2. Requisitos que debe reunir o persoal aspirante

2.1. Para participar neste concurso de méritos deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Ser persoal funcionario de carreira pertencentes ao corpo de mestres que ademais conte coa licenciatura ou grao en Filoloxía Hispánica (Subsección Galego-Portugués), Filoloxía Románica (Subsección Galaico-Portuguesa) ou Filoloxía Galega, ou pertencente ao corpo de profesores de ensino

secundario na especialidade de lingua e literatura galega ou ao corpo de catedráticos de ensino secundario na especialidade de lingua ou literatura galega.

b) Ter unha antigüidade de polo menos dous anos como persoal funcionario na función pública docente.

c) Ter impartido docencia directa como persoal funcionario durante un período de polo menos dous anos, e ter impartido durante eses dous anos a materia de lingua e literatura galega.

d) Estar en situación de servizo activo e estar a prestar servizos nun centro educativo ou organismo dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

No suposto de estar nunha situación administrativa distinta da de servizo activo, poderán presentarse tamén as persoas que reúnan os requisitos relacionados nos apartados a), b) e c) anteriores, sempre que o último centro no que se prestou servizos sexa dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e se reúnan os requisitos para reingresar con efectividade do 1 de xullo de 2025.

2.2. Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse e ser acreditados na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 3. Solicitudes e documentación

3.1. Para as solicitudes utilizarase o modelo de formulario que figura no anexo I.

3.2. Coa solicitude (anexo I) deberase achegar a seguinte documentación:

a) Proxecto de traballo sobre as liñas básicas de actuación para o desenvolvemento das funcións inherentes ao posto que se solicita, para o cal se terán en conta as características deste. O proxecto será redactado en galego, e terá unha extensión máxima de 20 folios DIN A4 con tipo de letra arial ou xunta sans, tamaño de letra 12 e espaciado 1,5.

b) Documentación acreditativa dos méritos académicos e profesionais alegados en relación co baremo que se publica como anexo II desta orde, agás aqueles que xa consten no seu expediente persoal.

c) Folla de autobaremación segundo o modelo do anexo III.

O persoal concursante poderá verificar todos os méritos académicos e profesionais que constan no seu expediente persoal accedendo a páxina web www.edu.xunta.gal/datospersoais, lapela Expediente electrónico.

En canto a presentación da documentación e xustificación dos méritos, as persoas que participan neste concurso de méritos deberán seguir de modo que se indica:

Persoal solicitante co expediente persoal actualizado:

De conformidade co establecido no artigo 4.3 da Orde do 2 de xuño de 2021, pola que se regulan o contido, uso e acceso ao expediente do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006 (código de procedemento ED011A), todos os datos, tanto de identificación como académicos e profesionais, que consten no expediente serán empregados na tramitación e valoración de requisitos e méritos nos correspondentes procesos de selección de persoal, provisión de postos de traballo, procesos de desenvolvemento profesional, así como aqueles outros necesarios para a xestión do persoal docente.

No caso de que sexan correctos todos os datos profesionais e académicos, o persoal solicitante soamente deberá presentar a solicitude de participación (Anexo I).

Persoal solicitante co expediente persoal sen actualizar:

No prazo de presentación de solicitudes establecido nesta Orde, o persoal docente que participe neste concurso específico e non teña o seu expediente actualizado, ademais da presentación da solicitude de participación no concurso por medios electrónicos (Anexo I), deberá presentar a solicitude de actualización e/ou modificación do expediente xunto coa documentación xustificativa, de acordo co establecido no artigo 7 da Orde do 2 de xuño de 2021 pola que se regula o contido, uso e acceso ao expediente do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006 (código de procedemento ED011A).

A documentación acreditativa dos méritos deberá presentarse na orde en que figura cada un dos méritos na solicitude do procedemento ED011A e achegaranse para cada mérito que se vaia alegar os documentos individualizados respectivos.

De conformidade co establecido no artigo 6.2 da Orde do 2 de xuño de 2021, a persoa titular do órgano de dirección con competencia en materia de recursos humanos designará persoal funcionario específico para realizar as tarefas de validación da documentación achegada polo persoal docente para a súa incorporación ao expediente, consonte os procedementos específicos establecidos para tales fins, agás no relativo á documentación de actividades de formación que sexan susceptibles de recoñecemento e certificación, para o cal se designará persoal funcionario de validación específico da unidade correspondente. O persoal funcionario designado para a validación será o encargado da verificación da dita documentación mediante a comprobación da validez e acreditación documental suficiente da documentación alegada polo persoal docente, así como da posterior incorporación ao expediente docente que corresponda.

3.3 A solicitude de participación presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede

electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, mediante a solicitude xenérica dispoñible na sede electrónica (código de procedemento PR004A) e dirixírase ao Servizo de Profesorado de Educación Secundaria, Formación Profesional e Réxime Especial da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3.4. As persoas aspirantes serán responsables da veracidade da documentación achegada e declararán que esa documentación é copia fiel dos orixinais que figuran no seu poder, sen prexuízo da posibilidade por parte da Administración de requirirllas en calquera momento a documentación orixinal. No caso de inexactitude, falsidade ou omisión en calquera dato ou documento achegado, isto comportará a perda do dereito á participación neste proceso, con independencia das responsabilidades que procedan, conforme dispón o artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3.5. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles computados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez rematado o dito prazo, a/s solicitude/s serán vinculantes nos seus termos para a persoa aspirante e non poderán ser obxecto de modificación.

Así mesmo, non se admitirá ningunha documentación alegada mediante o procedemento ED011A, de conformidade co establecido na epígrafe 3 desta base, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

3.6. Requirimento para emendas

Agás a presentación do proxecto de traballo, se a documentación achegada non reunise os requisitos esixidos na presente orde, a Comisión de Selección requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos no prazo de 10 días hábiles desde a

súa notificación e coa indicación de que, se así non o fixer, non lle serán tidos en conta ou, de ser o caso, realizarase a declaración de desistencia.

Artigo 4. *Comisión de Selección*

4.1. A selección dos/as aspirantes será realizada por unha comisión integrada polos seguintes membros:

Presidente:

Director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, ou persoa en que delegue.

Vogais:

Un representante do Ministerio de Educación e Formación Profesional, ou persoa en que delegue.

Subdirectora xeral de Política Lingüística, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, ou persoa en que delegue.

Subdirector xeral de Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, ou persoa en que delegue.

Secretario/a: unha funcionaria ou funcionario da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que actuará con voz e sen voto.

4.2. A Comisión de Selección poderá solicitar a incorporación aos seus traballos de persoas expertas, que se limitarán a prestar a súa colaboración.

4.3. A comisión poderá dispor a constitución de subcomisións técnicas para colaborar na valoración daqueles méritos que considere pertinentes.

4.4. Cada un dos sindicatos da Mesa Sectorial Docente Non Universitaria poderá nomear unha persoa representante, con voz e sen voto, para asistir ás sesións da comisión.

4.5. Logo de seren baremadas as solicitudes e a documentación achegada, os resultados provisionais serán publicados nos seguintes enderezos electrónicos <https://www.edu.xunta.gal> e <https://www.xunta.gal/linguagalega>, e sinalarase a relación de persoal excluído e a causa da súa exclusión provisional. Contra esta resolución provisional poderanse achegar as reclamacións que procedan, no prazo de cinco (5) días hábiles desde a súa publicación, por medios electrónicos mediante a solicitudes xenérica dispoñible na sede electrónica (código de procedemento PR004A). As reclamacións entenderanse contestadas mediante a publicación da resolución definitiva.

Así mesmo, no mesmo prazo de cinco (5) días hábiles poderá presentar renuncia á súa participación no concurso de méritos mediante a solicitudes xenérica dispoñible na sede electrónica (código de procedemento PR004A). Esta renuncia afectará a todas as peticións consignadas na súa solicitude de participación e producirá os efectos previstos no artigo 94 da Lei 39/2015.

Transcorrido este prazo sen que se emenden a causa de exclusión e/ou se achegue a documentación preceptiva, considerarase que a persoa interesada desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todo o persoal aspirante que obteña unha puntuación mínima de 3 puntos no proxecto poderá ser convocado pola Comisión de Selección á realización dunha entrevista para apreciar as circunstancias que concorren nel, entrevista que versará sobre o proxecto .

4.6. Os membros da comisión e, no seu caso, das subcomisións absteranse de intervir se se desen as circunstancias sinaladas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, o persoal aspirante poderá recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior, de acordo con o artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A comisión non propondrá o persoal aspirante que non acade unha puntuación mínima de 3 puntos no proxecto.

Será seleccionada a persoa aspirante que, ademais de obter as puntuacións mínimas sinaladas, acade a maior puntuación no total dos puntos recollidos no baremo establecido no anexo II.

No caso de se produciren empates no total das puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo á maior puntuación acadada en cada un dos apartados do baremo na orde en que están establecidos.

Unha vez realizado todo o proceso anterior, a Comisión de Selección propondrá á persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional la adxudicación da praza, quen resolverá.

O contido da devandita resolución comunicaráselle ao ministerio con competencias en materia de educación.

Artigo 5. *Resolución da convocatoria*

A resolución da convocatoria será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e por ela entenderanse notificadas, para todos os efectos, as persoas concursantes afectadas.

O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de catro (4) meses, contados desde a data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes entenderanse rexeitadas de non resolverse a convocatoria no prazo anteriormente sinalado.

Artigo 6. *Desenvolvemento do posto*

6.1. O profesor ou profesora seleccionado/a deberá impartir a materia de lingua e literatura galega en todos os niveis educativos no colexio Vicente Cañada Blanch de Londres, contidos que deberá interrelacionar coa realidade sociocultural de Galicia e da comunidade galega en Londres. No caso de que non se poida cubrir totalmente o seu horario lectivo coa dita materia, deberá completalo con outras materias afíns. Ademais, seránlle aplicables as normas xerais para profesores españois no estranxeiro, así como as específicas de funcionamento do Claustro do centro (base 5ª do convenio).

6.2. A persoa seleccionada será nomeada en comisión de servizos para o curso académico 2025/2026. O nomeamento poderá ser renovado, ano por ano académico e ata un máximo de cinco, sempre que conte cos informes favorables da consellería competente en materia de educación da Xunta de Galicia e do ministerio con competencias en materia de educación por parte da Administración central.

Artigo 7. *Retribucións*

O profesor ou profesora seleccionado/a recibirá as súas retribucións como funcionario/a da consellería con competencias en materia de educación da Xunta de Galicia, e percibirá tamén do ministerio con competencias en materia de educación o complemento de estranxeiría establecido na base 4ª do convenio suscrito entre a Xunta de Galicia e a Administración estatal. Calquera outro concepto (viaxes, desprazamentos, residencia, etc.) será pola súa conta.

Disposición adicional primeira. *Impugnación da orde*

Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo que resulte competente,

no prazo de dous (2) meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional segunda. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recabados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional coas finalidades de levar a cabo la tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do Cartafol cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicacións institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Facúltase a comisión constituída ao amparo da base 8ª do antedito convenio para ditar as resolucións necesarias e tomar as medidas necesarias para a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, de 2025

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

ANEXO I

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS PARA CUBRIR, EN COMISIÓN DE SERVIZOS, UNHA PRAZA DE PROFESOR/A DE LINGUA E LITERATURA GALEGA NO COLEXIO VICENTE CAÑADA BLANCH DE LONDRES (REINO UNIDO).	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
NACIONALIDADE		DATA DE NACEMENTO		PAÍS DE NACEMENTO		PROVINCIA DE NACEMENTO	
TIPO		NOME DA RÚA.		NÚMERO		BLOQUE	
PARROQUIA		LUGAR					
CÓDIGO POSTAL		PAÍS		PROVINCIA		CONCELLO	
TELÉFONO		TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA súa REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)					
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO	
DIRECCIÓN PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario si coincide coo anterior)					
TIPO DE RÚA.		NOME DE LA RÚA		Núm.	
CP		PROVINCIA		CONCELLO	
TELÉFONO		TELÉFONO MÓBIL		DIRECCIÓN ELECTRÓNICA	
A PERSOA SOLICITANTE Ou REPRESENTANTE DECLARA					
Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se presentan son certos.					

CORPO E ESPECIALIDADE Á QUE PERTENCE	
CORPO	CÓDIGO
ESPECIALIDADE	CÓDIGO

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se presentan son certos.

2. Que reúne as condicións esixidas para o acceso por comisión de servizos dunha praza de profesor/a de lingua e literatura galega , comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude si é necesario.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA	
☐ Os documentos que se indican no baremo que aparece no anexo II para a acreditación dos méritos. A través de datospersoais-procedemento ED011A-	
☐ Proxecto de traballo.	
COMPROBACIÓN DE DATOS Os documentos relacionados serán obxecto de consulta polas administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñeran a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME á CONSULTA.

ANEXO I

(Continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidade do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos do Cartafol cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio dos poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e información:	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas á Lexislación xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE							
Orde do de de 2025 pola que se convoca un concurso público de méritos para cubrir unha praza de profesor/a de lingua e literatura galegas no colexio Vicente Cañada Blanch de Londres (Reino Unido).							
SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU DO SEU REPRESENTANTE							
Lugar e data							
				de		de	

ANEXO II

Baremo para a valoración de méritos

Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
1. Antigüidade (máximo 10 puntos). Baremación de oficio desta epígrafe, agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal, caso en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica.		
1.1. Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario que superen os dous exixidos como requisito. Non se computarán as fraccións inferiores a un ano.	1,000 puntos	Certificación ou folia de servizos expedida polo departamento territorial correspondente ou copia simple do título administrativo coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
2. Méritos académicos: (máximo 5,000 puntos). Baremación de oficio desta epígrafe, agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal, caso en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica. Para os efectos da súa valoración por esta epígrafe, unicamente se terán en conta os títulos con validez oficial no Estado español.		
2.1. Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios:		Copia simple do título ou certificación do pagamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
2.1.1. Por cada título de doutoramento:	2,000	
2.1.2. Por cada título oficial de máster universitario ou en ensinanzas artísticas distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se esixiran, polo menos, 60 créditos:	1,000	
2.1.3. Por obter premio extraordinario no doutoramento, na licenciatura ou grao ou, no caso das ensinanzas artísticas superiores, por obter un premio extraordinario no grao ou, no caso das titulacións outorgadas polos conservatorios e escolas que impartan ensinanzas artísticas superiores, pola mención honorífica no grao superior.	0,500	
2.2. Outras titulacións de nivel superior:		
2.2.1. Titulacións de grao: Por cada título oficial de grao universitario ou de grao en ensinanzas artísticas superiores, distintos do esixido con carácter xeral para o ingreso do corpo:	2,000	
2.2.2. Titulacións de primeiro ciclo: Pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñarías técnicas, arquitecturas técnicas ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría.	1,000	
2.2.3. Titulacións de segundo ciclo: Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes.	1,000	
2.3. Titulacións oficiais de ensinanzas de formación profesional, dos ensinanzas profesionais artísticas, deportivas e das ensinanzas de idiomas: As titulacións de ensinanzas de réxime especial de idiomas, conservatorios profesionais e escolas de arte, así como as de formación profesional, no caso de que non fosen as esixidas como requisito para o ingreso na función pública docente ou, se é o caso, que non fosen necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse da forma seguinte:		
a) Por cada certificado de nivel C2 do Consello de Europa:	1,000	
b) Por cada certificado de nivel C1 do Consello de Europa:	0,750	
c) Por cada certificado de nivel B2 do Consello de Europa:	0,500	
d) Por cada certificado de nivel B1 do Consello de Europa:	0,250	
e) Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño, técnico deportivo superior ou técnico superior de formación profesional ou equivalente:	0,500	
f) Por cada título profesional de música ou danza:	0,500	
3. Desempeño de cargos directivos e outras funcións:(máximo 5,000 puntos)		
3.1. Por cada ano como director/a de centros públicos docentes, en centros de formación de profesores e recursos ou institucións análogas establecidas polas administracións educativas.	1,500	

Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
3.2. Por cada ano como vicedirector/a, subdirector/a, xefe/a de estudos, secretario/a e asimilados en centros públicos docentes.	1	
3.3. Cargos de coordinación docente, función tutorial e figuras análogas:	Máximo 1,500	
Por cada ano como coordinador/a de ciclo, coordinador/a do proxecto Abalar, asesor/a AMTEGA, asesor/a CIEDIX, asesor/a CGIFP, coordinador/a de centro plurilingüe, coordinador/a de sección bilingüe, coordinador/a de auxiliares de conversa, responsable/coordinador/a do equipo de actividades complementarias e extraescolares, responsable /coordinador/a da dinamización das TIC, responsable/coordinador/a de biblioteca, responsable/coordinador/a da convivencia escolar, responsable de dinamización da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega, coordinador/a de formación en centros de traballo, coordinador/a do bacharelato internacional, coordinador/a de emprendemento, coordinador/a do equipo de dinamización do Plan dixital de centro, coordinador/a de benestar e convivencia, coordinador/a de programas internacionais, coordinador/a de innovación e formación do profesorado, coordinador/a de biblioteca de centro integrado, coordinador/a de residencia, xefe/a de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesor/a de formación permanente, asesor Abalar, asesor/a Siega, asesor/a da Consellería con competencias en educación, director/a dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica, así como polo desempeño da función tutorial exercida a partir da entrada en vigor da LOE.	0,250	
No caso de que se desempeñase simultaneamente máis dun destes cargos ou funcións, non poderá acumularse a puntuación e valorarase o que poida resultar máis vantaxoso para o persoal concursante.		
Pola acreditación dun nivel C2 de competencia dixital	1	
Pola acreditación dun nivel C1 de competencia dixital	0,75	
Pola acreditación dun nivel B2 de competencia dixital	0,5	
Pola acreditación dun nivel B1 de competencia dixital	0,25	
Pola acreditación dun nivel A2 de competencia dixital	0,15	
Pola acreditación dun nivel A1 de competencia dixital	0,10	
4. Formación e perfeccionamento: máximo 5,000 puntos. Baremación de oficio desta epígrafe, agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal, caso en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica.		
4.1. Actividades de formación superadas: Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo a que pertenza o participante, ás prazas ou postos a que opte ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, as Administracións educativas das comunidades autónomas, por institucións sen ánimo de lucro, sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Puntuaranse con 0,1000 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades, non puntuándose o resto do numero de horas inferiores a 10. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	Máximo 3,000	Certificado en que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
4.2. Pola impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicadas na epígrafe 3.1. Puntuarase con 0,1000 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades, non puntuándose o resto de número de horas inferiores a 3. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	Máximo 1,500	
4.3. Os certificados de acreditación da competencia dixital que sexan emitidos polas distintas administracións educativas, valoraranse da seguinte forma:		
Pola acreditación dun nivel C2 de competencia dixital	1,000	
Pola acreditación dun nivel C1 de competencia dixital	0,750	
Pola acreditación dun nivel B2 de competencia dixital	0,500	

Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
Pola acreditación dun nivel B1 de competencia dixital	0,250	
Pola acreditación dun nivel A2 de competencia dixital	0,150	
Pola acreditación dun nivel A1 de competencia dixital	0,100	
5. Proxecto de traballo. Máximo 8 puntos. O proxecto de traballo deberá conter os obxectivos, planificación xeral, actividades, xustificación e definición a que corresponde a praza que se solicita. (Puntuación mínima exigida por esta epígrafe: 4 puntos).		
Proxecto de traballo	Máximo 8,000	Orixinal, redactado en galego, cunha extensión máxima de 20 folios DIN A4, tipo de letra arial ou xunta sans, tamaño de letra 12 e espaciado 1,5.
6. Outros méritos.		
Pola acreditación do coñecemento da lingua inglesa,		Copia simple do título ou certificación do pagamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
a) Por cada certificado de nivel C2 do Consello de Europa:	2,000	
b) Por cada certificado de nivel C1 do Consello de Europa:	1,000	
c) Por cada certificado de nivel B2 do Consello de Europa:	0,750	
d) Por cada certificado de nivel B1 do Consello de Europa:	0,500	

Disposición complementaria primeira

Os méritos alegados polas persoas participantes terán que estar cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes. Unicamente se valorarán, polo tanto, os méritos perfeccionados e acreditados ata a finalización do prazo.

Todos os méritos que xa consten no expediente do persoal participante non terán que ser xustificandos.

No que atinxe á experiencia profesional, non se computarán as fraccións inferiores a un ano.

Disposición complementaria segunda.

Para poder obter puntuación por outras titulacións universitarias de carácter oficial, deberán presentarse cantos títulos se posúan, incluído o alegado para o ingreso no corpo.

No que respecta á baremación de titulacións de primeiro ciclo, non se entenderá como tal a superación dalgún dos cursos de adaptación. Non se considerarán como títulos distintos as diferentes mencións/especialidades que se asenten nunha mesma titulación.

Cando os títulos fosen obtidos no estranxeiro ou fosen expedidos por institucións docentes doutros países, deberá achegarse, ademais, a correspondente homologación.

Non se valorarán as declaracións de correspondencia de títulos oficiais aos niveis do Marco español de cualificacións para a educación superior, emitidos ao abeiro do disposto no Real decreto 889/2022, do 18 de outubro.

Non se baremarán na epígrafe 2 as ensinanzas propias universitarias (títulos propios) que se expidan conforme o artigo 36 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da

súa calidade, e os estudos universitarios propios que sexan expedidos polas universidades no uso da súa autonomía.

Disposición complementaria terceira

As actividades realizadas a partir do 23 de maio de 2013 relacionadas nos artigos 32 ao 40 da Orde do 14 de maio de 2013, pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro de actividades de formación permanente do profesorado, para que sexan baremables neste concurso de méritos deberán estar debidamente rexistradas no Rexistro Xeral das Actividades de Formación do Profesorado.